

NORMATIVA SOBRE REGULACIÓN DO TÍTULO PROPIO DE GRADUADO EN CIENCIAS CRIMINOLÓXICAS E DA SEGURIDADE PÚBLICA

A Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 17 de xullo de 1978 creou o Instituto universitario de Criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Por Resolución da Dirección Xeral de Universidades do MEC aprobouse o seu regulamento que establece como fins do instituto os de *“promover, impulsar e desenvolver o coñecemento e investigación da Criminoloxía, ensinar a Criminoloxía en todos os seus aspectos, mediante conferencias e cursos monográficos; formar a quen teñan que especializarse en Criminoloxía e publicar os resultados das investigacións realizada no seu seo”*.

Posteriormente e por Orden do MEC do 20-7-1981 aprobouse o Plan de Estudos de Criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que segue a impartirse na actualidade.

As referidas normas, promulgadas baixo a Lei Xeral de Educación, deben de adaptarse aos cambios producidos dende entonces, tanto polas modificacións normativas da LRU e da LOU como polo sistema de xestión da oferta académica da USC e pola xestión de alumnos. É obxectivo desta normativa adaptarse á regulación dos títulos da USC mantendo as súas características intrínsecas pero integrándose no réxime ordinario de xestión docente e de alumnado coa finalidade de que este título se xestione dentro da oferta ordinaria da USC.

Os estudos de Criminoloxía que actualmente teñen efectos incluso para o acceso a determinados corpos de funcionarios (Orde do 19-11-96), deben de considerarse baixo o amparo do artigo 34.3 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, que establece que as Universidades poden establecer *“enseñanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios”*.

Pola súa banda o artigo 130.2 dos Estatutos da USC establece que o Consello de Goberno establecerá as normas xerais que regulen a organización, a aprobación e a avaliación dos estudos oficiais e propios e o procedemento para a expedición dos certificados ou diplomas correspondentes, así como o réxime de vinculación dos estudantes coa Universidade. Neste senso faise necesario unha regulación específica destes estudos diferente a doutros títulos propios.

Por último, non debe esquecerse que por Real Decreto 858/2003, de 4 de xullo, se establecen as directrices propias dun título oficial de Licenciado en Criminoloxía, norma pendente de desenvolvemento e de adaptación ás directrices do Espazo Europeo de Educación Superior, que poderá configurar estes estudos como de grao ou de posgrao coa conseguinte necesidade de adaptar, nese intre, a regulación á nova estrutura do título que se aprrobe. Así mesmo, a Orde do 13 de

decembro de 2004 establece a posibilidade de acceder ao segundo ciclo desta titulación aos alumnos que teñan unha titulación de criminoloxía con menor carga lectiva da contemplada nas directrices xerais mediante a superación dun curso de nivelación.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2005

ACORDA

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto da presente normativa é regular a oferta, xestión, impartición e expedición do título propio "Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública", ao abeiro do artigo 34.3 da Lei Orgánica de Universidades.

Artigo 2.- Organización docente, xestión académica e adscrición

Os estudos de Criminoloxía integraranse na oferta académica da USC como unha titulación propia. A xestión de alumnos integrarase co resto dos alumnos da USC. Deste xeito, naqueles aspectos non regulados especificamente na presente norma será de aplicación supletoria a Normativa de Xestión Académica.

Correspóndelle ao Instituto de Criminoloxía da USC a organización docente destes estudos, de conformidade cos fins que motivaron a súa creación pola Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 17 de xullo de 1978.

A titulación estará adscrita administrativamente á Facultade de Dereito.

Artigo 3.- Plan de estudos

O Plan de estudos que rexerá os estudos de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública será aprobado pola USC

O Consello de Goberno a proposta do Instituto poderá modificar total ou parcialmente o referido plan para adaptalo ás novas estruturas de estudos que se desenvolvan ou requirimentos científicos ou sociais destes estudos.

Poderán obter o título establecido os alumnos que superen a totalidade do Plan de estudos.

Artigo 4.- Admisión e continuación

Para poder iniciar estudos é necesario ter superadas as probas de selectividade ou de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

A Universidade de Santiago de Compostela poderá establecer anualmente o límite de prazas que se fixarán na convocatoria, a proposta do Instituto. Así mesmo, poderá establecer unha cota de prazas, de entre a totalidade das ofertadas, para os colectivos pertencentes a Corpos, Escalas e Categorías das Forzas e Corpos de Seguridade e de Institucións Penitenciarias, en todo caso estes colectivos deberán optar pola vía de acceso, reserva ou xeral. O resto das prazas adxudicaranse conforme o procedemento xeral de acceso a centros universitarios.

Os alumnos que inicien estudos deberán superar como mínimo un 50% da carga lectiva correspondente ao primeiro curso nos tres primeiros cursos académicos. De non facelo non poderán continuar estes estudos, agás circunstancias extraordinarias apreciadas polo órgano competente.

Artigo 5.- Matrícula e xestión de expedientes

O prazo de matrícula para os alumnos de Criminoloxía será o ordinario da Universidade de Santiago para as titulacións oficiais.

Así mesmo a xestión de expedientes será a ordinaria dos estudantes oficiais de primeiro e segundo ciclo e Graduados Superiores da USC.

Artigo 6.- Validación

Os alumnos que teñan cursado e superado materias de estudos universitarios españois ou estranxeiros con contidos equivalentes aos do plan de Criminoloxía poderán solicitar a súa validación. Tamén poderán solicitar a validación doutros estudos profesionais que a USC considere que reúnen os requisitos de equivalencia de nivel e contidos cos impartidos nesta titulación. O procedemento se iniciará a petición do alumno mediante a correspondente solicitude que deberá ir acompañada da certificación de superación de ditas materias así como os programas cursados.

A validación será concedida logo do informe do Instituto de Criminoloxía. Para estes efectos o Instituto poderá establecer e aprobar táboas de validacións que serán aplicables sen necesidade de solicitar novos informes ao centro.

Artigo 7.- Adaptacións

Os alumnos que cursen na USC os estudos correspondentes ao *título propio do Diploma en Criminoloxía*, de conformidade co Plano de Estudos aprobado pola Orde do 20-7-1981 (BOE 30-9-1981), poderán adaptar as materias que teñan superado ao Plano de Estudos do título de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública de acordo cos criterios que aprobe a USC.

Artigo 8.- Prezos públicos

1. Os prezos a abonar polos estudos de Criminoloxía serán os establecidos para os títulos oficiais no Decreto anual da Xunta de Galicia, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais, que poderán ser abonados nos prazos que estableza a Universidade.

2. Así mesmo os alumnos deberán abonar o importe que fixe a Universidade por soporte informático e documentación da matrícula e por seguro; e as tarifas de secretaría fixadas no mencionado Decreto.

3. Non caberán exencións nin bonificacións de prezos, agás en virtude de convenios que establezan, no marco do intercambio internacional, unha exención de abono de dereitos de matrícula en condicións de reciprocidade. Tamén poderán existir convenios ou acordos que establezan a subvención de prezos, a todos ou a algúns dos alumnos, especificamente para esta titulación, sempre sometidos ao principio de compensación á USC dos ingresos deixados de percibir.

4. Non serán aplicables nin os descontos de familia numerosa, nin outras bolsas axudas, subvencións nin outro tipo de exencións previstas para primeiro, segundo ou terceiro ciclo.

5. O impago dos prezos por matrícula determinarán os efectos establecidos no Decreto de prezos e nas disposicións da USC.

Artigo 9.- Docencia e actas

O persoal docente estará composto preferentemente por persoal da USC. A súa dedicación deberá figurar nun Plan de Organización Docente propio do Instituto. As actas do persoal alleo á USC serán asinadas polo Director do Instituto previa comunicación das cualificacións outorgadas polos respectivos profesores.

Artigo 10.- Cualificacións e mencións

As cualificacións serán as mesmas que as establecidas para o primeiro e

segundo ciclo de titulacións oficiais.

Artigo 11.- Dereitos e deberes

Os alumnos terán os seguintes dereitos: expedición e uso da tarxeta universitaria de identidade (TUI), uso da biblioteca, utilización do bonobús universitario, e acceso aos servizos deportivos e ás actividades culturais nas mesmas condicións que os alumnos da USC de titulacións oficiais, podéndose ampliar estes dereitos por resolución reitoral.

O sistema de representación será o que estableza o Regulamento Electoral da Universidade.

Os deberes serán os mesmos que o resto dos alumnos da Universidade.

Artigo 12.- Títulos

1. O procedemento de expedición dos títulos será xestionado na Sección de Títulos do Servizo de Xestión Académica.

2. As cartolinas soporte dos títulos, tamaño DIN A-3, deberán levar impreso o emblema da Universidade de Santiago de Compostela así coma o selo en seco da Universidade e unha clave alfanumérica que se reflectirá tanto no anverso coma no reverso. Os títulos expediranse en versión bilingüe (galego-castelán) nun único documento, de acordo co modelo que aprobe a Secretaría Xeral.

Os títulos levarán impresa no anverso a sinatura do reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén serán asinados no anverso polo xefe da Sección de Títulos e polo propio interesado/a.

No reverso serán asinados polo responsable do Rexistro de Títulos que dará constancia do asento no Libro Rexistro Universitario.

3. Os títulos deberán ser retirados persoalmente polos interesados, acreditando a súa identidade e asinarán o título no momento da súa entrega, do que quedará constancia. No suposto de que non lle fora posible retiralo persoalmente, o interesado poderá autorizar a outra persoa, sempre mediante poder notarial, para que o retire no seu nome. Dito poder notarial arquivarase no expediente do alumno no caso de ser específico, ou unha copia cotexada no caso de tratarse dunha autorización notarial xenérica. Os interesados que residan en localidade distinta do centro no que realizaran os estudos, poderán solicitar mediante instancia dirixida ao xefe da UXA a remisión do título á oficina de Educación ou Oficina Consular máis próxima ao seu lugar de residencia. No caso

de falecemento do alumno antes de recoller o título, o reitor poderá acordar a súa entrega aos parentes máis próximos ou herdeiros que o soliciten e acrediten a súa condición. Neste caso o título incluirá a mención legal de invalidación do mesmo.

4. Procederá a expedición de duplicados, previa anulación do título orixinal, no suposto de que se produzan alteracións derivadas de cambio de nome ou calquera outra que afecte ao contido do título. Así mesmo procederá a expedición de duplicado no suposto de extravío, destrución ou deterioro dun título.

O procedemento para a expedición de duplicados será o mesmo que o dos títulos oficiais.

Disposición adicional

1. Autorízase á Secretaría Xeral, dentro das súas competencias, para ditar instrucións sobre elaboración e xestión de actas, expedición de títulos e xestión académica, así como resolver incidencias e impugnacións conforme a delegación reitoral nesta materia.

2. A Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado poderá ditar instrucións en materia de Programación Académica do Instituto.

Disposición transitoria

Autorízase ao reitor da USC para implementar o curso de nivelación previsto na Orde do 13 de decembro de 2004.

Disposición Final

Sen prexuízo das normas transitorias, este acordo entrará en vigor na data da súa aprobación polo Consello de Goberno e substituirá en todo o que se lle opoña á Orde do 20-7-1981.


**JOAQUÍN RODRÍGUEZ-TOUBES MUÑIZ, SECRETARIO XERAL DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,**

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día vinte de xuño de dous mil cinco, acordou aprobar a creación do título propio de *Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública*, por transformación dos estudos de Criminoloxía impartidos polo Instituto de Criminoloxía da USC, así como a Normativa reguladora do título, o Plan de Estudos e as restricións a libre elección que se anexan, tendo en conta a memoria económica e a xustificación da proposta que tamén se anexan; e someter o acordo ao Consello Social para a aprobación do seu contido económico.



Acordouse, a proposta do Instituto de Criminoloxía, fixar un límite de 110 prazas para o curso 2005-2006, distribuídas do seguinte xeito: 60 para membros dos corpos de seguridade dependentes das administración autónoma e local; e 50 para o cupo xeral.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a vinteún de xuño de dous mil cinco. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

Vº e Pr.
O REITOR




Senén Barro Ameneiro



DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 20 de xuño de dous mil cinco, **acordou** aproba-lo presente **“Plan de Estudos de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública**, título propio da Universidade de Santiago de Compostela”. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005

Vº e Pr.
O REITOR



Senén Barro Ameneiro

O SECRETARIO XERAL



Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz

UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA
 PLAN DE ESTUDIOS CONDUCENTE Ó TÍTULO DE
 Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública

2. MATERIAS OBRIGATORIAS

Ciclo	Curso	Cuadri- mestre	Denominación	Créditos anuais		Breve descripción do contido	Vinculación a áreas de coñecemento
				Teóricos	Prácticos / Totais		
1	1	1º	Criminoloxía I	3	3	6	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA
1	1	1º	Dereito Administrativo Policial	3	3	6	<input type="checkbox"/> DEREITO ADMINISTRATIVO
1	1	1º	Dereito Constitucional	3	1,5	4,5	<input type="checkbox"/> DEREITO CONSTITUCIONAL
1	1	Anual	Dereito Penal I. Introducción e Teoría Xurídica do Delito.	7,5	1,5	9	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL
1	1	Anual	Introdución á Psicoloxía	6	3	9	<input type="checkbox"/> PSICOLOXIA EVOLUTIVA E DA EDUCACION <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA BASICA <input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA
1	1	Anual	Introdución á Socioloxía	4,5	4,5	9	<input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA
1	1	1º	Penoloxía e Ciencia Penitenciaria I	3	3	6	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL
1	1	2º	Penoloxía e Ciencia Penitenciaria II	3	3	6	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> DEREITO PROCESUAL

UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PLAN DE ESTUDIOS CONDUCENTE Ó TÍTULO DE
Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública

2. MATERIAS OBRIGATORIAS

Ciclo	Curso	Cuadri mestre	Denominación	Créditos anuais		Breve descripción do contido	Vinculación a áreas de coñecemento	
				Teóricos	Prácticos			
1	1	2º	Policia Científica e Técnicas de Investigación Criminal I	3	1,5	4,5	Funcionamento e historia da policía científica. A finalidade da investigación. Definición do método na investigación policial e recoñecemento das técnicas de investigación. Concepto de delincuente desde o punto de vista policial. Diferenciación dos delinquentes e establecemento das características de cada grupo delinencial. Sistemas de identificación máis empregados pola Policía Científica.	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> DEREITO ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> MEDICINA LEGAL E FORENSE <input type="checkbox"/> TOXICOLOXIA <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA EVOLUTIVA E DA EDUCACION
1	2	Anual	Criminoloxía II	6	3	9	Prognose criminal. Tipoloxía do delito. Criminalidade organizada. Selección criminal e tratamento. Bioloxía criminal. Personalidade bioquímica e crime. Conduta e estrutura cerebral. Inmunoloxía, xenética e enxeñaría xenética. O tratamento do delincuente e a bioloxía. Criminoloxía, bioloxía e ética.	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA
1	2	Anual	Dereito Penal II. Consecuencias Xurídicas do Delito	6	1,5	7,5	Teoría da pena: concepto, fundamento e fins. Clases de penas. A determinación da pena. A extinción da responsabilidade criminal. A responsabilidade civil e as custas procesuais. As medidas de seguridade.	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL
1	2	Anual	Estatística Aplicada	7,5	1,5	9	Concepto, clasificación e aplicacións da Estatística. Presentación de datos estatísticos. Medidas descritivas dun conxunto de datos. Principais distribucións teóricas. Relación entre mostra e poboación. Correlación entre variables. Cuantificación das relacións entre variables. Diferenzas entre grupos. Aplicacións da Estatística á Criminoloxía.	<input type="checkbox"/> METODOS CUANTITATIVOS PARA A ECON. E A EMPRESA <input type="checkbox"/> ESTADISTICA E INVESTIGACION OPERATIVA
1	2	1º	Policia Científica e Técnicas de Investigación Criminal II	1,5	3	4,5	A lofoscopia e as súas aplicacións. A dactiloscopia. Formulación dos distintos dactilogramas. O Servizo Automático de Identificación Dactilar. Fins da inspección ocular técnico policial. Aplicacións da documentoscopia. Principais de indicios químico-biolóxicos. A necroidentificación.	<input type="checkbox"/> DEREITO ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> MEDICINA LEGAL E FORENSE <input type="checkbox"/> TOXICOLOXIA <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA EVOLUTIVA E DA EDUCACION
1	2	Anual	Psicoloxía Criminal	6	3	9	O delincuente e a súa bioloxía. O delincuente: un sistema activado fisioloxicamente con diferenzas individuais. O delincuente e a súa personalidade: variables motivacionais e cognitivas. O delincuente e o seu contorno próximo. Delincuencia e psicopatoloxía. Crime e o seu control. As vítimas do delito.	<input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA BASICA <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA EVOLUTIVA E DA EDUCACION

UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA
 PLAN DE ESTUDIOS CONDUCENTE Ó TITULO DE
Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública

Ciclo	Curso	Cuadri mestre	Denominación	Créditos anuais		Breve descripción do contido	Vinculación a áreas de coñecemento.
				Teóricos	Prácticos		
1	3	Anual	Psiquiatría Forense	6	3	9	Conceptualización da enfermidade mental. A causalidade en Psiquiatría. Os modelos de nosoloxía psiquiátrica. Criterios de asistencia psiquiátrica e a súa implicación cos sistemas penais. Cadros clínicos asociados a procesos orgánicos. Transcendencia criminolóxica e médico-forense dos procesos orgánicos que cursan con sintomatoloxía psíquica. Psicose. Trastornos do control dos impulsos. Neurose. Psicopatías ou trastornos da personalidade. <input type="checkbox"/> PSIQUIATRÍA

UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PLAN DE ESTUDIOS CONDUCENTE Ó TÍTULO DE
Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública

2. MATERIAS OBRIGATORIAS

Ciclo	Curso	Cuadri- mestre	Denominación	Créditos anuais		Breve descripción do contido	Vinculación a áreas de coñecemento
				Teóricos	Prácticos / Totais		
1	2	Annual	Socioloxía Criminal	7,5	1,5	9	O conflito social. A conduta desviada. Marco teórico da socioloxía criminal. Socioloxía criminal aplicada. <input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA
1	3	Annual	Criminoloxía III	6	1,5	7,5	Criminalidade violenta. Criminalidade xuvenil. Delitos contra a saúde pública. Delitos contra a liberdade sexual. Delitos contra a liberdade e a seguridade. Delitos contra a propiedade. Criminalidade nos centros penitenciarios. <input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA
1	3	Annual	Dereito Penal III	6	1,5	7,5	Estudo sistematizado e pormenorizado das diversas figuras delituosas incluídas na Parte Especial do Código penal español. <input type="checkbox"/> DEREITO PENAL
1	3	Annual	Dereito Procesual Penal	6	1,5	7,5	Dereito procesual e proceso penal. Xurisdición, organización xudicial e competencia penal. Partes procesuais. A estrutura do proceso penal. <input type="checkbox"/> DEREITO PROCESUAL
33	1	3	Medicina Legal e Ciencias Forenses	6	1,5	7,5	Concepto de medicina legal, evolución, contido e relación con outras ciencias. O proceso da morte. Estudo médico-legal do infanticidio, a morte inesperada, os atentados contra a liberdade sexual e o aborto. Aspectos máis importantes na cualificación médico-legal das lesións. Problemas médico-legais do alcoholismo, as drogas e as intoxicacións en xeral. <input type="checkbox"/> MEDICINA LEGAL E FORENSE <input type="checkbox"/> TOXICOLOXIA
1	3	2º	Prácticum	0	18	18	<input type="checkbox"/> DEREITO PENAL <input type="checkbox"/> DEREITO ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> MEDICINA LEGAL E FORENSE <input type="checkbox"/> PSIQUIATRIA <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA SOCIAL <input type="checkbox"/> SOCIOLOXIA <input type="checkbox"/> DEREITO PROCESUAL <input type="checkbox"/> TOXICOLOXIA <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA EVOLUTIVA E DA EDUCACION <input type="checkbox"/> PSICOLOXIA BASICA <input type="checkbox"/> METODOS CUANTITATIVOS PARA A ECON. E A EMPRESA <input type="checkbox"/> ESTADISTICA E INVESTIGACION OPERATIVA

5. ESÍXESE TRABALLO OU PROXECTO FIN DE CARREIRA, OU EXAME OU PROBA XERAL NECESARIA PARA OBTÉ-LO TÍTULO SI NO

6. OUTÓRGANSE POR EQUIVALENCIA CRÉDITOS A:

<input type="checkbox"/> SI	PRÁCTICAS EN EMPRESAS, INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS ETC. (a)
<input type="checkbox"/> SI	TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS E INTEGRADOS NO PLAN DE ESTUDOS (b)
<input type="checkbox"/> SI	ESTUDOS REALIZADOS NO MARCO DE CONVENIOS NACIONAIS E INTERNACIONAIS SUBSCRITOS POLA UNIVERSIDADE (c)
<input type="checkbox"/> SI	OUTRAS ACTIVIDADES (d)

- EXPRESIÓN, NO SEU CASO DOS CRÉDITOS OUTORGADOS: a) 20 créditos b) 15 créditos c) 60 créditos d) 10 créditos

- EXPRESIÓN DO REFERENTE DA EQUIVALENCIA:

- a) 20 créditos obrigatorios ou de libre elección coa equivalencia de 20 horas = 1 crédito
- b) 15 créditos obrigatorios ou de libre elección .
- c) Obrigatorios coa equivalencia de 1 semana = 2 créditos
- d) Obrigatorios ou de libre elección

7. ANOS ACADÉMICOS EN QUE SE ESTRUCTURA O PLAN POR CICLOS:

-1º CICLO 1 3 4 ANOS

8. DISTRIBUCIÓN DA CARGA LECTIVA GLOBAL POR ANO ACADÉMICO (SÓ TRONCAIS E OBRIGATORIAS)

ANO ACADÉMICO	TOTAL	TEÓRICOS	PRÁCTICOS/ CLÍNICOS
1º	60	36	24
2º	48	34.5	13.5
3º	57	30	27

1. A Universidade deberá referirse necesariamente ós seguintes apartados:
 - a) Réxime de acceso ó 2º ciclo. Aplicable só no caso de ensinanzas de 2º ciclo ou ó 2º ciclo de ensinanzas de 1º e 2º ciclo, tendo en conta o disposto nos artigos 5º e 8º.2 do RD 1497/87
 - b) Determinación, no seu caso, da ordenación temporal na aprendizaxe, fixando secuencias entre materias ou asignaturas ou entre conxuntos delas (artigo 9º, 1 RD 1497/87)
 - c) Período de escolaridade mínima, no seu caso (artigo 9º, 2, 4º RD 1497/87)
 - d) No seu caso, mecanismos validación e/ou adaptación ó novo plan de estudos para os alumnos que cursaran o plan antigo (artigo 11 RD 1497/87).
2. Cadro de asignación da docencia das materias troncais a áreas de coñecemento. Cubrirase no suposto de que a Universidade non organice/diversifique a materia troncal en asignaturas.
3. A Universidade poderá engadir as aclaracións que estime oportunas para acreditar o axuste do plan de estudos ás previsións do RD de directrices xerais propias do título de que se trate (en especial, no que se refire á incorporación das materias e contidos troncais e dos créditos e áreas de coñecemento correspondentes segundo o disposto no dito RD), así como especificar calquera decisión ou criterio sobre a organización do seu plan de estudos que estime relevante. En todo caso, estas especificacións non constitúen obxecto de homologación polo Consello de Universidades.

1.a) Non procede.

1.b) No plan de estudos non se fixa ningún tipo de secuencia temporal entre materias nin entre conxuntos delas, aínda que se recomenda cursar as materias na orde na que son ofertadas. Tampouco se establece ningún tipo de incompatibilidade entre materias.

1.c) O período mínimo de escolaridade será de tres cursos académicos.

1.d) Os alumnos que se atopen cursando na actualidade estudos correspondentes ao Título propio do Diploma de Criminoloxía, de acordo co plan de estudos aprobado pola Orde do 20 de xullo de 1981 (BOE 30 de setembro de 1981), poderán adaptar as materias que teñan superado ao plan de estudos do Título de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública de acordo co cadro que figura a continuación:

Cadro: Táboa de Adaptacións

TÁBOA DE ADAPTACIÓNS

MATERIAS PLAN 1981	MATERIAS PLAN 2005
Criminoloxía I	Criminoloxía I
Estatística Aplicada	Estatística Aplicada
Penoloxía, Sistemas e Tratamentos Penitenciarios	Penoloxía e Ciencia Penitenciaria I Penoloxía e Ciencia Penitenciaria II Dereito Penal II. Consecuencias Xurídicas do Delito.
Psicoloxía	Introdución á Psicoloxía
Socioloxía	Introdución á Socioloxía
Criminoloxía II. Bioloxía Criminal	Criminoloxía II
Dereito Penal I	Dereito Penal I. Introducción e Teoría Xurídica do Delito.
Psiquiatría	Psiquiatría Forense
Socioloxía Criminal	Socioloxía Criminal
Técnicas de Investigación Criminal	Policía Científica e Técnicas de Investigación Criminal I Policía Científica e Técnicas de Investigación Criminal II
Criminoloxía III	Criminoloxía III
Dereito Penal II	Dereito Penal III
Dereito Procesual Penal	Dereito Procesual Penal
Medicina Legal	Medicina Legal e Ciencias Forenses
Psicoloxía Criminal	Psicoloxía Criminal

Non obstante o anterior, o Instituto de Criminoloxía ofrecerá a posibilidade de que no prazo dun ano os alumnos que obtivesen o título propio do Diploma de Criminoloxía no curso académico 2004-2005 ou en cursos anteriores poidan completar os créditos necesarios para obter o título de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública (os correspondentes ás materias Dereito Constitucional -1º curso-, Dereito Administrativo Policial -1º curso-Libre elección -2º e 3º curso- e ó Practicum)

Os alumnos que no momento de iniciarse a impartición do título propio de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública tivesen superado algunha das materias do título propio do Diploma de Criminoloxía conservarán o seu dereito a obter este último título. Para iso, disporán dun máximo de 4 convocatorias consecutivas (dúas anuais) por materia, distribuídas nos anos académicos 2005-2006 e 2006-2007, transcorrido este período deberán adaptarse ao novo plan de estudos. Non obstante, os

alumnos do plan que se extingue só teñen dereito a exame, e non poderán asistir a clase ao quedar estas materias sen dereito a docencia.

3. A Universidade, trala consulta co Centro, dictará as resolucións necesarias para o desenvolvemento do plan de estudos, especialmente no relativo ás adaptacións.

LIBRE ELECCIÓN:

Os alumnos/as que cursen os estudos de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública non poderán cursar as materias que a continuación se relacionan por ter contidos idénticos ou moi semellantes ás materias da titulación que están a cursar:

Materias excluídas

Ciencias Políticas e da Administración

Dereito Constitucional I

Dereito Constitucional II

Socioloxía Xeral

Estatística Aplicada a Ciencias Sociais

Dereito

Dereito Penal I

Dereito Penal II

Criminoloxía

Medicina Legal

Dereito Constitucional I

Dereito Constitucional II

Dereito Procesual I

Administración e Dirección de Empresas

Estatística Empresarial I

Estatística Empresarial II

Economía

Estatística Económica II

Traballo Social

Socioloxía Xeral

Estatística Avanzada Aplicada ao Traballo Social

Comunicación Audiovisual

Estatística Aplicada á Comunicación

Odontoloxía

Psicoloxía

Relacións Laborais

Socioloxía Xeral

Historia

Socioloxía Xeral

Os alumnos das demais titulacións poderán cursar as seguintes materias dos estudos de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública. Agás aquelas que teñan materias con contidos idénticos ou moi semellantes ao das materias propias. (artigo 7 do R.D. 1497/1987, de 27 de novembro.

Policía Científica e Técnicas de Investigación Criminal I e II
Criminoloxía II
Psicoloxía Criminal
Socioloxía Criminal